

Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2022 DOS OBRADOIROS Á DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

1. Antecedentes:

Por Resolución do 18 de xullo de 2022 (DOG nº 144, do 29 de xullo de 2022), publicáronse as bases reguladoras dos obradoiros á dixitalización Industria 4.0 para o ano 2022, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva.

Para a avaliación das 39 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 4.4. das bases reguladoras da axuda:

1º Dimensión do proxecto. En función do número de empresas participantes: 2 puntos por empresa ata un máximo de 20 puntos.

2º Calidade técnica do proxecto: ata 25 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- i. Madurez da proposta en canto á definición da temática e obxectivos do espazo de encontro. Ata 10 puntos.
- ii. Intensidade da participación das empresas que se vai promover: valóranse as propostas metodolóxicas que promovan unha actitude máis activa e participativa por parte das empresas asistentes. Ata 5 puntos.
- iii. Utilización de metodoloxías probadas de dinamización de grupos e xeración de ideas. Ata 5 puntos.
- iv. Diversidade en canto á posición na cadea de valor sectorial das empresas participantes. Ata 3 puntos.
- v. Propostas concretas de colaboración co Igape na difusión dos resultados dos proxectos. Ata 2 puntos.

3º Sector ou ámbito de actividade no que se desenvolva o proxecto: 15 puntos, que se outorgarán a proxectos sectoriais onde a maioría das empresas ás que está dirixido o obradoiro pertencen a un dos sectores prioritarios definidos na Axenda de Competitividade:

- i. Estratéxicos: Agroalimentación, produtos do mar e acuicultura, Automoción, Enerxías Renovables, Madeira/Forestal, Naval/Industria marítima, Pedra Natural, Têxtil-moda.
- ii. Emerxentes e de alto potencial: Aeronáutico/aeroespacial, Industria da saúde e do benestar, Industrias creativas, Biotecnoloxía, Novos materiais, Ecoindustria, TIC.

4º Experiencia do organismo intermedio na xestión de proxectos colaborativos nos 3 anos inmediatamente anteriores á solicitude de axuda: 3 puntos por cada proxecto de dinamización de grupos finalizado con resultados cuantificables e 1 punto por cada proxecto finalizado noutra temática ata un máximo de 20 puntos.

5º Efecto tractor no sector. Xustificación do interese e atractivo, para as empresas do sector, da implementación dos resultados esperados do obradoiro: ata 20 puntos.

En caso de empate nas puntuacións, decidirase a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración do criterio 2º. Se aínda así seguise existindo empate, decidirase pola maior puntuación nos criterios 1º, 3º, 4º e 5º, por esa orde. En caso de persistir o empate, determinarase a precedencia polo número de expediente máis baixo. Os proxectos deberán acadar 60 puntos na baremación para ser aprobados.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 39 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de OBRADOIROS DO IGAPE Á DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0, con data 29/12/2022.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións aos 22 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 397.614,58 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar as 11 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Arquivar sen máis trámite as 6 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

Cuarto. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos,

Quinto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (apartado "Resolucións definitivas" <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 16.5 das bases reguladoras.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Fernando Guldrís Iglesias	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2022 DOS OBRADOIROS Á DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG239.2022.1.26	ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL (G27877166)	SOSTIBILIDADE 4.0	98,00	30/05/2023	30/05/2023	13.667,35	100,00	13.667,35
IG239.2022.1.35	ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL (G27877166)	IMPULSA	98,00	30/05/2023	30/05/2023	16.555,00	100,00	16.555,00
IG239.2022.1.37	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO (G15710338)	Trasformación Estratégica del Sector Naval.	96,00	30/05/2023	30/05/2023	23.865,00	100,00	23.865,00
IG239.2022.1.13	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) (G36983575)	TALLER DIRECTIVO: LIDERANDO UN SECTOR EN TRANSFORMACIÓN	95,00	30/05/2023	30/05/2023	25.000,00	100,00	25.000,00
IG239.2022.1.33	ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL (G27877166)	Demostrador De Capacidades Tecnolóxicas Para A Industria De Galicia	95,00	30/05/2023	30/05/2023	15.450,00	100,00	15.450,00
IG239.2022.1.3	ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (G27407212)	OBRADOIROS DE DIXITALIZACION NA INDUSTRIA ALIMENTARIA GALEGA: SOLUCIONS TECNOLOXICAS, INNOVACION E OPORTUNIDADES DE NEGOCIO	94,00	30/05/2023	30/05/2023	15.746,23	100,00	15.746,23



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG239.2022.1.32	ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME) (G36614774)	ASIME NAVAL	92,00	30/05/2023	30/05/2023	25.000,00	100,00	25.000,00
IG239.2022.1.30	CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA (G36681039)	Talleres de Digitalización de la Industria 4.0: Hacia una Industria Textil 4.0	91,00	30/05/2023	30/05/2023	19.565,70	100,00	19.565,70
IG239.2022.1.20	CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP) (G36615219)	TALLERES DIGITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0 SECTOR DE LA SALUD Y DEL BIENESTAR ACTIVIDADE ATENCIÓN A PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELLECTUAL Y DE DESARROLLO	90,00	30/05/2023	30/05/2023	25.000,00	100,00	25.000,00
IG239.2022.1.18	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (G02881563)	Obradoiro de digitalización de la industria ambiental: de la valorización del dato a la digitalización del proceso de certificación	89,00	30/05/2023	30/05/2023	14.422,00	100,00	14.422,00
IG239.2022.1.29	ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA (G94194594)	Obradoiro para o impulso colaborativo da dixitalización das cadeas loxísticas do sector Madeira-Forestal e Agroalimentario como mellora competitiva	89,00	30/05/2023	30/05/2023	12.000,00	100,00	12.000,00
IG239.2022.1.23	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (G02881563)	ViratecH SOLUCIONES DIGITALES INNOVADORAS AL SERVICIO DEL MEDIOAMBIENTE	88,00	30/05/2023	30/05/2023	9.444,44	100,00	9.444,44
IG239.2022.1.17	ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME) (G36614774)	ASIME OFFSHORE ENERGY	86,00	30/05/2023	30/05/2023	25.000,00	100,00	25.000,00



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG239.2022.1.5	ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA (G32290439)	Análise, diagnóstico e propostas de mellora na aplicación de sistemas e tecnoloxías DATA nas empresas do CMD	85,00	30/05/2023	30/05/2023	19.115,26	100,00	19.115,26
IG239.2022.1.8	ASOCIACION DE EMPRESAS DE TECNOLOGIA DE GALICIA (G36969525)	OBRADOIROS TIC PARA TRASFORMACION DIGITAL E INDUSTRIA 4.0 EN GALICIA	84,00	30/05/2023	30/05/2023	5.042,08	100,00	5.042,08
IG239.2022.1.21	CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP) (G36615219)	TALLERES DIGITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0 SECTOR EMPRESAS MEDIOAMBIENTALES ACTIVIDAD ECONOMIA CIRCULAR	84,00	30/05/2023	30/05/2023	25.000,00	100,00	25.000,00
IG239.2022.1.38	ASOC CONSORCIO AERONAUTICO GALLEGO (G27823657)	CAG Aero	83,00	30/05/2023	30/05/2023	25.000,00	100,00	25.000,00
IG239.2022.1.22	ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO (G36644961)	Obradoiros 4.0: Sistemas de tecnoloxías para a sustentabilidade, a economía circular e a vigilancia tecnolóxica e competitiva sobre o mercado	81,00	30/05/2023	30/05/2023	20.099,44	100,00	20.099,44
IG239.2022.1.19	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR (G02881563)	"Industria 4.Zero" Los retos de la industria 4.0 en las empresas ambientales	80,00	30/05/2023	30/05/2023	16.100,00	100,00	16.100,00
IG239.2022.1.4	ASOCIACION DE EMPRESAS DE TECNOLOGIA DE GALICIA (G36969525)	OBRADOIRO DE OPORTUNIDADES TECNOLOXICAS PARA O SECTOR SAUDE E BENESTAR DE GALICIA	79,00	30/05/2023	30/05/2023	5.042,08	100,00	5.042,08
IG239.2022.1.12	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE	Talleres Industria 4.0 Clúster Galego Industria do Deporte e o	75,00	30/05/2023	30/05/2023	25.000,00	100,00	25.000,00

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
	GALICIA (G42740837)	Benestar						
IG239.2022.1.34	CLUB DE EMPRESARIOS Y EJECUTIVOS DE GALICIA (G70609656)	Dixitalización sostible nas empresas de enerxías renovables	73,00	30/05/2023	30/05/2023	16.500,00	100,00	16.500,00

TOTAL:

397.614,58

ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2022 DOS OBRADOIROS Á DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG239.2022.1.39	CLUB DE EMPRESARIOS Y EJECUTIVOS DE GALICIA (G70609656)	Dixitalización sostible nas empresas do sector TIC	Superouse a contía máxima de crédito establecido na convocatoria.
IG239.2022.1.31	CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE LUGO (G27019793)	Os sectores estratexicos de Lugo ante o reto 4.0	Superouse a contía máxima de crédito establecido na convocatoria.
IG239.2022.1.10	ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE MOS (G36223543)	Talleres a la digitalización industrial 4.0 - 2022/23: AEMOS	Superouse a contía máxima de crédito establecido na convocatoria.
IG239.2022.1.24	CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP) (G36615219)	OBRADOIROS 4.0 CEP – AGEINCO DIGITALIZACION DEL SECTOR DE LA INGENIERIA... ALLANANDO EL CAMINO HACIA LA INDUSTRIA 5.0	Superouse a contía máxima de crédito establecido na convocatoria.
IG239.2022.1.11	ASOCIACION GALEGA DE ARIDOS (G36345718)	OBRADOIROS DE DIXITALIZACIÓN Á INDUSTRIA 4.0 NO SECTOR DOS ÁRIDOS	Superouse a contía máxima de crédito establecido na convocatoria.
IG239.2022.1.16	CEGASAL (G15616287)	Obradoiro 4.0 Análisis, diagnóstico y propuestas de mejora en sistemas y tecnologías DATA en empresas del entorno CEGASAL	Superouse a contía máxima de crédito establecido na convocatoria.
IG239.2022.1.28	CLUSTER TIC GALICIA (G70157581)	Plataforma de aplicacións para a industria dixital conectada	Superouse a contía máxima de crédito establecido na convocatoria.
IG239.2022.1.1	SOLUCIONES PARA EL RURAL INTEGA, S.L. (B94127081)	Proyecto Individual de Digitalización de los Procesos de Gestión.	Incumplimento do artigo 2 das bases reguladoras: A entidade solicitante non cumpre as condicións para ser beneficiaria da axuda.



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG239.2022.1.6	LUISIANA ENERGÍA, S.L.U. (B27453364)	Proyecto individual de digitalización de los procesos de gestión	Incumprimento do artigo 2 das bases reguladoras: A entidade solicitante non cumpre as condicións para ser beneficiaria da axuda
IG239.2022.1.7	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. (A27812627)	Digitalización de toma de datos y transcripción a la plataforma informática.	Incumprimento do artigo 2 das bases da convocatoria: A entidade non cumpre a condición de beneficiario.
IG239.2022.1.36	CONTROL DE INSTALACIONES VIGO, S.L. (B36809770)	Proyecto individual de digitalización del proceso de reporte de documentación mediante solución de conectividad digital	Incumprimento do artigo 2 das bases reguladoras: A entidade solicitante non cumpre as condicións para ser beneficiaria da axuda

ANEXO III

Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2022 DOS OBRADOIROS Á DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG239.2022.1.2	ASOC.PROVINCIAL EMPRESARIOS HOSTELERIA A CORUÑA (G15083215)	LA INTELIGENCIA ARTIFICIAL EN HOSTELERIA	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG239.2022.1.9	CLUSTER DE LA ACUICULTURA DE GALICIA (G36884260)	Herramientas de inteligencia basadas en datos y otras tecnologías para la mejora competitiva de empresas asociadas a Clúster Acuicultura	DESISTENCIA DO SOLICITANTE
IG239.2022.1.14	ASOCIACIÓN INNOVACIÓN DIGITAL EN LOS PROCESOS DE FABRICACIÓN - INFABHUB (G27881499)	IA Y OTRAS TECNOLOGÍAS	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG239.2022.1.15	ASOCIACIÓN INNOVACIÓN DIGITAL EN LOS PROCESOS DE FABRICACIÓN - INFABHUB (G27881499)	AUTOMOTIVE INNOVATION HUB	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG239.2022.1.25	ASOCIACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE FABRICANTES DE PAN DE LA CORUÑA (G15032899)	Talleres de Digitalización Industria 4.0	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG239.2022.1.27	CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS ENERGÍAS RENOVABLES (G70284120)	DIGITALIZACIÓN INDUSTRIA ENERGÍAS RENOVABLES	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN